



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Caparrini Marín, Natalia  
Doval Ruíz, María Isabel  
Martín Moreno, José María  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Míguez Tabarés, José Luis  
Pérez Vázquez, M<sup>a</sup> Consuelo  
Ramos Cabrer, Manuel  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Rubio Armesto, María Belén  
Soto Carballo, Jorge Genaro  
Souto García, Raquel  
Valderrama Santomé, Mónica

### DECANOS/DIRECTORES

García Cutrín, Francisco Javier  
García Señorán, M<sup>a</sup> del Mar  
Lantarón Caeiro, Eva María  
Lavilla Beltrán, M<sup>a</sup> Isela  
Reboreda Morillo, Susana  
Rodríguez Martínez, Francisco Javier  
Ruiz Hidalgo, Carmen

### PDI-A

Collazo Fernández, Antonio  
Falagán Mota, Jorge  
Fernández Suárez, Emilio Manuel  
Gómez Rodríguez, Alma M<sup>a</sup>  
Paz Penín, Concepción  
Pazos Arias, José Juan  
Porteiro Fresco, Jacobo

### PDI-B

Torres Outón, Sara M<sup>a</sup>

### ESTUDANTES

Couto Cancela, Daniel  
Dominguez Blanco, Santiago  
Gómez Fariñas, Beatriz

### PAS

Mollinedo Lois, Carlos

### CONSELLO SOCIAL

Blanco Gómez, César  
Calviño Rodríguez, Xulio  
Pedrosa Silva, Ernesto

### SINDICATOS

Pérez Gómez, Luis

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Blas Varela, María Esther de  
Cruz Freire, José Manuel  
Currás Valle, Consuelo  
Ferreiro Vázquez, Óscar  
Ferro Soto, Antonio Carlos  
González Santamaría, Pedro  
Lorenzo Rodríguez, Edita de  
Picos Martín, Juan  
Rico Fuentes, Juan Jesús  
Rivo López, Elena

Acta da sesión extraordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 27 de febreiro de 2020, convocada para as 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda na sala de xuntas da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.

Ás 10:00 h do día **27 de febreiro de 2020** deu comezo a sesión extraordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

Luis Pérez pregunta polo carácter extraordinario da sesión e o reitor o explica, dado a urxencia de certos puntos. Asemade, comenta que hai que anular a convocatoria de eleccións de estudantes ao claustro. O reitor indica que non procede abordar este asunto na sesión actual.

### **1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria, do 22 de xaneiro de 2020.**

O reitor indica que, en ausencia de observacións formuladas previamente en tempo e forma, a acta apróbese por asentimento.

### **2. Aprobación, se procede, da modificación puntual da Normativa de Dedicación e Recoñecementos Docentes do Profesorado.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, quen indica en que consiste a modificación apuntada no rótulo deste epígrafe, e que foi achegada co resto da documentación correspondente á presente xuntanza. A modificación ten o informe da COAP.

Apróbese a modificación puntual da dita normativa por asentimento.

### **3. Aprobación, se procede, de solicitudes de Programacións Conxuntas de Ensinanzas Oficiais (PCEO) para o curso 2020/21.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, quen expón as solicitudes recibidas de PCEOs para o curso 2020/21. Indica cal é o procedemento habitual establecido por parte da Xunta.

Temos por unha banda os PCEOs que se están a impartir e que deben cumprir catro requisitos. Tres PCEOs están xa a funcionar e a impartir prazas novas (constan os datos na documentación aportada).

- PCEO ADE-Dereito (Campus Vigo)
- PCEO ADE-Dereito (Campus Ourense)

- PCEO Turismo-Xeografía e Historia (Campus Ourense)

Expón os números de prazas de cada un. Farase un seguimento dos mesmos cara aos seguintes tres anos. Propónse aprobar estes tres PCEOs para que se sigan ofertando.

Apróbanse por asentimento.

Asemade, hai tres propostas novas de PCEOs, que proceden da Escola de Enxeñaría Industrial:

- PCEO do Grao en Enxeñaría Biomédica-Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática.
- PCEO do Grao en Enxeñaría Biomédica-Enxeñaría Mecánica.
- PCEO do Grao en Enxeñaría Mecánica e Electrónica Industrial e Automática

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado expón cales son e as prazas previstas. Propónse aprobar estas tres peticións, que foron informadas favorablemente pola COAP.

Apróbanse por asentimento.

Finalmente, o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado fala da solicitude de recuperar un PCEO que xa estaba en marcha, en ADE-informática, que fora suprimido por imperativo da Xunta. Expón cal era a situación deste PCEO e as razóns que levaron á Xunta a suprimilo, en particular, a evolución do alumnado e as correspondentes taxas de abandono, de idoneidade e de gradación, resumindo o estado das catro primeiras promocións, nas que non houbo egresados. O reitor comenta que un PCEO non é unha titulación nova, se non simplemente unha simultaneidade de estudos e que debería haber máis PCEOs, tamén no campus de Ourense. Pensa que o PCEO ADE-Informática é unha titulación estratéxica. Cabe a posibilidade de mandar a proposta de reabrir o PCEO, pero que podería ser contraproducente cara a implantación definitiva da titulación. Tamén comenta alternativas propias da Universidade, que poderían cumprir a mesma finalidade que o PCEO “oficial”, aínda que non figuraría no listado da CiUG. O vicerreitor aclara que na reunión da COAP advertíronse algúns erros na memoria e que o debate tiña que desenvolverse no Consello de Goberno. Aclara tamén o mecanismo formulado polo reitor en relación coa proposta que se faría á Xunta.

O director da Escola de Enxeñaría Informática fala para resaltar o carácter estratéxico da titulación. Comenta tamén a labor desenvolvida desde o seu centro cara a estes estudos. Critica a actuación da Xunta a este respecto e pensa que o PCEO cumpría certos principios que deberían ter sido considerados pola Consellería. Tamén fala de certos desaxustes nas taxas manexadas e que levaron á decisión comentada. Pregunta que se debería facer para solicitar novamente o PCEO, e que están dispostos a modificar o que sexa preciso, sempre que contribúa á aprobación definitiva do título. Solicita que se pida información á Xunta de Galicia para ter máis seguridade a este respecto. O reitor contesta que se pedimos a titulación agora, corremos o risco de que a rexeiten definitivamente en dous anos. O director da Escola de Enxeñaría Informática solicita que se pida en calquera caso. O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado indica como se podería expor unha petición máis garantista cara ao futuro.

A proposta final, tras un debate, é que o Consello de Goberno para tomar a decisión definitiva necesita unha resposta ás seguintes preguntas:

1. Cal é, na opinión da Xunta, a situación do PCEO ADE-Informática respecto da nova instrución de data 16/12/19, atendendo a que dito PCEO non foi ofertado ao alumnado procedente de ABAU no curso 2019/20 (dada a orde da Xunta nese senso de Xuño de 2019).

2. Se se interpreta que o PCEO está pechado, e polo tanto non lle é de aplicación a instrución da Xunta antes citada, cales serían as condicións que se deben cumprir para solicitalo novamente ou se terá a condición de novo PCEO a todos os efectos.

Polo tanto, apróbase solicitar resposta a estas preguntas á Xunta de Galicia e someter de novo a aprobación dito PCEO na próxima sesión do Consello de Goberno.

#### **4. Aprobación, se procede, dos criterios para o reparto de puntos adicionais entre os centros por apoio ás tarefas de captación de alumnado.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, quen procede a expoñer os criterios para o reparto de puntos adicionais entre os centros por apoio ás tarefas de captación de alumnado, que foron achegados co resto da documentación correspondente á presente xuntanza. Son tres criterios sobre os que se baseará o reparto.

Susana Reboreda comenta que sucede con outras accións que leva a cabo o centro. A vicerreitora responde que iso corresponde aos Decanatos.

Apróbanse os criterios por asentimento.

#### **5. Aprobación, se procede, do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) de doutoramento da Universidade de Vigo.**

O reitor indica que a documentación correspondente a este punto foi achegada xunto co resto da correspondente á presente xuntanza, e que se algunha persoa quere facer preguntas ou desexa algunha aclaración sobre este punto, está presente na sala a tal efecto o técnico de Calidade Miguel Dorribo.

Apróbase o SCG de doutoramento por asentimento.

#### **6. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo.**

O reitor indica que a documentación correspondente a este punto foi achegada xunto co resto da correspondente á presente xuntanza, e que se algunha persoa quere facer preguntas ou desexa algunha aclaración sobre este punto, está presente na sala a tal efecto o director da EIDO Antonio Pino.

Apróbase a modificación do regulamento por asentimento.

#### **7. Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno do Departamento de Tradución e Lingüística.**

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, quen da lectura do artigo 38 dos Estatutos da Universidade de Vigo, onde se sinala que é competencia da xunta de cada centro “elaborar, aprobar e modificar a proposta do seu regulamento de réxime interno....”.

O artigo 16 dos Estatutos da Universidade de Vigo establece asemade que lle corresponde ao Consello de Goberno “aprobar todas as normativas que non sexan competencia do Claustro”.

Tendo en conta que o regulamento foi aprobado polo departamento e o informe da Asesoría Xurídica é favorable, se somete á aprobación do Consello de Goberno.

Apróbase o regulamento por asentimento.

**8. Toma en consideración do recurso de reposición contra o acordo do Consello de Goberno de 20 de decembro de 2019 para a mobilidade entre campus de persoal docente e investigador con vinculación permanente á Universidade de Vigo.**

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, quen indica que o informe da Asesoría Xurídica é desfavorable ao recurso presentado contra o acordo do Consello de Goberno do 20 de decembro de 2019 sobre a mobilidade entre campus do PDI con vinculación permanente á Universidade de Vigo, e que non se atopan argumentos xurídicos que permitan sustentar a posición dos recurrentes, polo que propón que sexa rexeitado polo Consello de Goberno.

O recurso é rexeitado por asentimento.

Ao tratarse dun Consello de Goberno extraordinario non procede a quenda de intervencións habitual.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:05 h. do día 27 de febreiro de 2020, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

O secretario xeral